

INSTANCIA: PROCESO SELECTIVO PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL DE LIMPEZA PARA O CONCELLO DE RIANXO

(Cubrir en maiúsculas todos os campos)

DATOS DA PERSOA ASPIRANTE:

D./D. ^a		DNI núm.
Enderezo para notificacións (rúa, núm., escaleira, piso, letra, parroquia)		
Concello e Provincia	Código Postal	Teléfono/s

EXPOÑO:

Que desexo participar no proceso selectivo de: (marque o recadro que proceda)	<input type="checkbox"/> Persoal de limpeza
--	---

A tal fin, ACHEGO a seguinte documentación:

- Copia do documento identificador
- Copia do carné de conducir B, de ser o caso
- Xustificantes dos méritos alegados segundo o establecido no Anexo I (cursos de formación, ...)
- Fotocopia do título do Celga 2, de ser o caso
- Anexo II declaración responsable (cumprimento dos requisitos)
- Anexo III declaración responsable (posesión dos orixinais)
- Documento acreditativo do grao de minusvalía superior ao 33%, e solicitude de adaptación en tempo e/ou en medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria

Outros documentos:

Polo exposto **SOLICITO** que se me inclúa no mencionado proceso selectivo.

Rianxo, _____ de maio de 2018

Sinatura da persoa solicitante ou representante
(achégase autorización asinada ou poder notarial)

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE RIANXO

Regulación a ter en conta no proceso

SISTEMA DE SELECCIÓN:

5.1 OPOSICIÓN (PUNTUACIÓN MÁXIMA: 10 PUNTOS)

A fase de oposición constará de dous exercicios:

5.1.1 Exame tipo test (puntuación máxima: 10 puntos). Este exercicio terá carácter eliminatorio, e, para superalo, será necesario obter, cando menos, a metade da puntuación máxima prevista neste. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con respostas alternativas, durante un período de 45 minutos.

5.1.2 Exercicio de lingua galega: cualificación de APTA ou NON APTA. Este exercicio será realizado por aquelas persoas aspirantes que resulten seleccionadas e as suplentes que non estean exentas da súa realización, é dicir, que non conten co certificado expedido polo órgano competente.

5.2. CONCURSO (PUNTUACIÓN MÁXIMA 6 PUNTOS)

Nesta fase só se avaliará a aquelas persoas que superen a fase de oposición.

Toda a documentación que a persoa candidata pretenda que se lle tome en conta para o baremo de méritos terá que ser achegada durante o prazo de presentación de solicitudes, e non se terá en consideración a aportada con posterioridade ao remate do dito prazo, que será considerada como achega de nova documentación fóra de prazo.

1) Carné de conducir B: 3 puntos

2) Cursos de formación relacionados co posto de traballo e sobre materias relacionadas coa prevención de riscos laborais:

1. De 20 a 60 horas: 0,25 puntos	2. De 61 a 150 horas: 0,50 puntos	3. Máis de 150 horas: 1 punto
----------------------------------	-----------------------------------	-------------------------------

Puntuación máxima: 2,50 puntos

3) Coñecemento do galego (só se valorará o de maior puntuación):

1. Celga 3 ou equivalente: 0,25 puntos	2. Celga 4 ou equivalente, ou superior: 0,50 puntos
--	---

REALIZACIÓN DO PROCESO:

1) Publicación do anuncio (22/05/2018)

2) Presentación das instancias no Rexistro Xeral do Concello no prazo de 5 días hábiles desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria (ata o día 29/05/2018, incluído). No suposto de presentarse a instancia fóra do rexistro xeral do Concello, a persoa interesada deberá adiantala por fax ao núm. 981.866.628 ou por correo electrónico a emprego@concelloderianxo.gal, antes do remate do prazo, para que sexa tida en conta. De recibirse ditos avisos esperarase un máximo de cinco días hábiles para a recepción efectiva da documentación; pasado este prazo elaborárase a lista de persoas admitidas e excluídas.

3) As persoas candidatas con discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecido, e deberán xuntar ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de valoración que ditaminou o grao de minusvalía.

4) As listaxes provisionais de persoas admitidas e excluídas e a composición do tribunal serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica.

5) Prazo de reclamacións: 3 días hábiles

6) As resolucións das reclamacións, as listaxes definitivas de persoas admitidas e excluídas, o lugar, a data e a hora de realización das probas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na sede electrónica.

INFORMACIÓN COMPLETA DO PROCESO: taboleiro de anuncios do Concello, sitio web municipal concelloderianxo.gal e Sede electrónica sede.concelloderianxo.gal.